

c) fose posible pola oposición do empresario ou por peche ou cesamento da empresa.

d) Por despedimento baseado en causas obxectivas, de conformidade co establecido no artigo 52 do Estatuto dos traballadores.

e) Por resolución voluntaria por parte do traballador, nos supostos previstos nos artigos 40, 41.3 e 50 do Estatuto dos traballadores.

f) Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, sempre que estas causas non actuasen por denuncia do traballador.

g) Por resolución da relación laboral durante o período de proba a instancia do empresario, sempre que a extinción da relación laboral anterior se debese a algún dos supostos contemplados neste número.

h) Por calquera outra causa en virtude da cal a extinción do contrato de traballo non derive de causa imputable á libre vontade do traballador.

3. Tamén serán de aplicación as porcentaxes sinaladas no número 1 anterior nos supostos referidos a continuación, sempre que a extinción da relación laboral anterior viñese precedida por algunha das causas sinaladas no número 2 anterior:

a) Beneficiarios da prestación de desemprego, cando esta se extinga por esgotamento do prazo de duración da prestación ou por pasar a ser pensionista de xubilación, de conformidade co sinalado, respectivamente, nas alíneas a) e f), número 1, do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.

b) Beneficiarios do subsidio por desemprego, de nivel asistencial, maiores de cincuenta e dous anos.

c) Traballadores maiores de cincuenta e dous anos que non reúnan os requisitos para acceder ó subsidio por desemprego de maiores da dita idade, unha vez esgotada a prestación por desemprego, e continúen inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do servizo público de emprego.

4. Para efectos do cómputo dos anos de cotización a que se refire o número 1, aplicaranse as normas establecidas para determinala contía da pensión de xubilación coa idade ordinaria de sesenta e cinco anos.

5. As referencias que nesta disposición transitoria se efectúan ó 1 de xaneiro de 1967 deberanse entender efectuadas á data que determinen as súas diversas normas reguladoras, respecto dos colectivos integrados no réxime xeral que teñan establecida outra data distinta, así como para os traballadores que fosen cotizantes ás entón mutualidades laborais do carbón.

Disposición transitoria segunda. Réxime especial de traballadores do mar.

Nos supostos de acceso á xubilación anticipada no réxime especial de traballadores do mar, nos termos previstos na disposición transitoria terceira do Regulamento xeral dese réxime especial, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, cando se acrediten menos de trinta e oito anos de cotización, e calquera que sexa a causa de extinción da relación laboral previa, a contía da pensión reducirase, por cada ano que, no momento do feito causante, lle falte ó traballador para cumprilos sesenta e cinco anos de idade, nunha porcentaxe do 7 por 100, por aplicación do establecido na Orde do 3 de xaneiro de 1977.

Cando se acrediten trinta e oito ou máis anos de cotización, e a extinción da relación laboral se produza por algunha das causas establecidas no número 2 da disposición transitoria primeira deste real decreto, a por-

centaxe de redución será, en función dos anos de cotización acreditados, a seguinte:

a) Entre trinta e oito e trinta e nove anos completos de cotización acreditados: 6,5 por 100.

b) Con corenta ou máis anos completos de cotización acreditados: 6 por 100.

Disposición transitoria terceira. Pensións de xubilación suspendidas á entrada en vigor do real decreto.

Os pensionistas que na data de entrada en vigor do presente real decreto teñan suspendida a pensión, en virtude do disposto no artigo 16 da Orde do entón Ministerio de Traballo do 18 de xaneiro de 1967, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento da pensión de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social, poderán acollerse ó establecido na sección 3.^a, capítulo I, do mesmo.

Para os efectos da rehabilitación do percibo da pensión, no importe que corresponda, en función da xornada realizada, terán unha retroactividade máxima de tres meses desde a data da solicitude, sen que, en ningún caso, os mesmos poidan ser anteriores á data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Disposicións que se derrogan.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no presente real decreto e, expresamente, o artigo 6 e a disposición transitoria segunda do Real decreto 1647/1997, do 31 de outubro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 24/1997, do 15 de xulio, de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. Facultades de aplicación e desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións xerais que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do que se dispón neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

MINISTERIO DE ECONOMÍA

23256 *REAL DECRETO 1204/2002, do 20 de novembro, polo que se regula o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa. («BOE» 286, do 29-11-2002.)*

Os reais decretos 1873/1997, do 12 de decembro, e 2659/1998, do 14 de decembro, definiron o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa como un foro

de intercomunicación permanente, destinado a realizar un adecuado seguimento da evolución deste colectivo empresarial en España, así como para avalia-la información existente, elaborar novos estudos e coñecer en profundidade o conxunto dos problemas que o afectan, con obxecto de propo-las solucións máis convenientes para o dito colectivo.

Os cambios do contorno económico e o dinamismo do sector empresarial aconsellan a adaptación permanente dos instrumentos con que contan as políticas públicas orientadas ó apoio, fomento e estímulo da competitividade das pequenas e medianas empresas (PEME). Por outra banda, é necesario reflectir, no ordenamento normativo do Observatorio, os cambios operados na estrutura administrativa, como consecuencia da modificación da do Ministerio de Economía.

De acordo co anterior, este real decreto recolle a adaptación do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa ás circunstancias que configuran o marco actual no que se desenvolve a política española das PEME. O dito marco quedou establecido fundamentalmente a través dos artigos 2 e 8 do Real decreto 1371/2000, do 19 de xullo e do artigo 1 do Real decreto 777/2002, do 26 de xullo, que establecen a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía.

Nesta nova estrutura administrativa, o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa debe configurarse como un instrumento de análise, debate e difusión das cuestións máis actuais de interese para as pequenas e medianas empresas do noso país, sen prexuízo de operar como foro de intercomunicación entre os axentes que levan a cabo a política das PEME, realizar un adecuado seguimento da evolución deste colectivo empresarial en España, avalia-la información existente, acometer novos traballos e proporcionar un mellor coñecemento dos problemas que afectan as PEME, así como propo-las solucións máis convenientes para eles.

Deste xeito, o Observatorio reforza o seu papel interlocutor entre a Administración xeral do Estado e as pequenas e medianas empresas, a través das organizacións empresariais que formarán parte del e coas comunidades autónomas, en canto que actores na execución da política das PEME en España. Así mesmo, a presenza no Observatorio de expertos de recoñecido prestixio e experiencia profesional nas distintas materias contribuirá a enriquece-lo contido das deliberacións e propostas, á vez que garantirá a pluralidade de enfoques nunha panorámica tan ampla como a da estrutura empresarial do noso país.

Na súa virtude, oídas as comunidades autónomas, por proposta do ministro de Economía, coa previa aprobación do ministro das Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de novembro de 2002,

DISP O Ñ O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto regúlase a nova composición, organización e funcións do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa, órgano colexiado consultivo, asesor e de colaboración nas materias que afectan ás pequenas e medianas empresas para favorecer e facilitar a súa creación, desenvolvemento e posibilidades competitivas, que queda adscrito ó Ministerio de Economía, a través da Secretaría de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 2. *Composición.*

O Pleno do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa estará integrado polos seguintes membros:

1. Presidente: o secretario de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa.

2. Vicepresidente: o director xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

O presidente do Pleno do Observatorio será substituído polo vicepresidente en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

3. Vocais:

a) Doce vocais, en representación da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, con categoría, alomenos, de director xeral, que corresponderán: dous, ó Ministerio de Economía; dous, ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais; un, ó Ministerio de Facenda; un, ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía; un, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; un, ó Ministerio de Fomento; un, ó Ministerio de Medio Ambiente; un, ó Ministerio de Administracións Públicas; un, ó Instituto Nacional de Estatística, e un, ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

b) Dezanove vocais en representación das 17 comunidades autónomas, e das cidades de Ceuta e Melilla, que, logo de expresa aceptación, serán designados por proposta do conselleiro ou do responsable, no órgano de goberno territorial, da política para as pequenas e medianas empresas.

c) Un representante das entidades locais, designado pola asociación de ámbito estatal con maior implantación.

d) Sete vocais en representación das organizacións empresariais de ámbito estatal e intersectorial máis representativas.

e) Seis expertos, designados entre persoas con especial preparación técnica e recoñecida experiencia profesional, en materias que afecten as pequenas e medianas empresas.

Actuará como secretario do Pleno, con voz pero sen voto, o subdirector xeral de Apoio ás Pequenas e Medianas Empresas, pertencente á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 3. *Nomeamento e mandato.*

O nomeamento de vocais do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa será realizado polo ministro de Economía, por proposta dos correspondentes órganos da Administración Xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das organizacións representadas no dito Observatorio. No caso dos expertos, serao por proposta da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

O mandato dos membros do Observatorio será de dous anos, e o o nomeamento poderá ser renovado por outro período de igual duración.

A condición de membro do Observatorio perderase por cesar no cargo que determinou o seu nomeamento, por expiración do seu mandato ou por outra causa legal.

Artigo 4. *Funcións.*

O Observatorio da Pequena e Mediana Empresa realizará as seguintes funcións:

a) Analizar aspectos, cuestións, problemas ou accións de política das PEME que respondan a iniciativas do Goberno da Nación ou dos gobernos autonómicos, ou que sexan asumidas por estes por proposta doutros

c) organismos e institucións. Estas análises poderán revestir a forma de estudos, informes ou libros brancos e serán levadas a cabo na forma que se determine en cada caso.

b) Realiza-lo seguimento das políticas desenvolvidas polas administracións públicas a favor das PEME, así como da evolución destas, con obxecto de mellorar e ampliar-lo seu marco referencial.

c) Elaborar informes e elevar propostas nos distintos ámbitos de decisión que incidan na viabilidade e desenvolvemento das PEME, para o que se poderán solicitar datos, informes e documentación a outros departamentos ou entidades e recadar asistencia técnica especializada.

d) Crear e desenvolver ferramentas de xestión que permitan supera-las limitacións e aumenta-la eficacia das PEME e, así mesmo, posibilita-lo acceso destas a elas.

e) Propor medidas que logren a optimización ou desenvolvemento dos sistemas de información e comunicación da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, de xeito que se garanta o acceso das PEME a estes instrumentos e medidas.

Os obxectivos últimos do debate serán identificar e intercambiar criterios, experiencias e mellores prácticas, que serán presentadas como relatorios, para alcanza-las conclusións oportunas. Pola súa proximidade e relevancia prestarase especial atención á experiencia europea e dos países da OCDE.

Artigo 5. *Réxime de funcionamento.*

O Pleno do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa reunirse alomenos dúas veces ó ano ou cando o seu presidente o convoque.

No seo do Observatorio poderán constituírse comisións de traballo, ás reunións das cales poderán ser convocados representantes das administracións públicas e dos sectores implicados, actuando como asesores nas materias que se vaian tratar.

O Observatorio establecerá as súas propias normas de funcionamento. No non previsto no presente real decreto e nas súas normas de funcionamento será aplicable o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Medios de funcionamento do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa.*

O funcionamento do novo Observatorio da Pequena e Mediana Empresa non suporá incremento ningún do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal xa existentes no Ministerio de Economía.

Disposición adicional segunda. *Constitución.*

O Observatorio constituirase dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, e as administracións e organizacións que o compoñen deberán propo-los seus representantes no prazo de trinta días contados a partir da dita entrada en vigor.

A convocatoria para a sesión constitutiva será realizada polo secretario de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1873/1997, do 12 de decembro, polo que se crea o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa, e o Real decreto 2659/1998, do 14 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1873/1997, do 12 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DE DEFENSA

23338 *REAL DECRETO 1244/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría. («BOE» 287, do 30-11-2002.)*

A Lei 32/2002, do 5 de xullo, de modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, co obxecto de permiti-lo acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servicios de carácter temporal, que se rexe exclusivamente pola dita lei, autoriza o seu desenvolvemento regulamentario co fin de concretar certas condicións e procedemento de acceso, así como determina-las especificidades necesarias na traxectoria profesional de tal colectivo.

Doutro lado, o Real decreto 1735/2000, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, desenvolve os citados aspectos da Lei 17/1999, do 18 de maio, ó regula-las formas de acceso ó ensino militar de formación para incorporarse ás diferentes escalas dos militares de carreira e para adquiri-la condición de militar de complemento ou militar profesional de tropa e mariñeiría.

Polo presente real decreto apróbase o Regulamento de acceso de estranxeiros ás Forzas Armadas, con claro ánimo integrador e igualitario, que se plasma na aplicación xeneralizada do réxime previsto para os españois con idéntica condición, adecuándose, sen embargo, a aqueles parámetros derivados do concepto tradicional das nosas Forzas Armadas e da misión constitucional que teñen asignada.

En cumprimento do mandato legal determínanse os países que reúnen as condicións de vinculación histórica, cultural e lingüística con España, partindo sempre de que, en todo caso, a súa lexislación ou a que poida establecerse en convenios internacionais debe permiti-lo devandito acceso sen perda da nacionalidade e sen vulnerar prohibicións expresas de alistamento militar nas nosas Forzas Armadas.

Determinase, igualmente, a cota máxima inicial, fixada no 2 por 100 do total de efectivos previstos de tropa e mariñeiría profesional, autorizándose o ministro de Defensa para adecualo, unha vez transcorrido o período inicial de vixencia e atendendo a certos parámetros esencialmente amparados na avaliación do desenvolvemento e eficacia do acceso de estranxeiros ás Forzas Armadas.

Na concreción de especialidades e unidades ás que poden acceder estranxeiros tense en conta con carácter prioritario a seguridade na defensa militar, entendida esta tanto no seu aspecto interno coma no externo derivado da participación de España en organizacións internacionais de defensa.